POESIAGALEGA.ORG
arquivo de poéticas contemporáneas na cultura

GAAP
GRUPO ALEA DE ANÁLISE POÉTICA

Luís Seoane desde fóra

A. R. López e M. Dopico (coords.)

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

López, A. R. e M. Dopico (coords.) (2012 [2010]). "Luís Seoane desde fóra". *Galicia Hoxe*. "Revista das Letras": 815 (8 de abril), 1-8. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1437>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

López, A. R. e M. Dopico (coords.) (2010]). "Luís Seoane desde fóra". *Galicia Hoxe*. "Revista das Letras": 815 (8 de abril), 1-8.

* Edición dispoñíbel desde o 23 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

08 ABRIL DO 2010 - NÚMERO 815

REVISTA
DAS
LETRAS

Luís Seoane

Este ano cúmprese o centenario do nacemento de Luís Seone, unha das personalidades máis apaixonantes –e apaixonadas– do século XX en Galicia, para moitos incluso só comparable a Castelao. Pintor, poeta, escritor, gravador, periodista, activista, político, empresario, editor ou mecenas son só algunhas das vertentes deste home nacido en Bos Aires, fillo da emigración e ponte imprescindible para entender o tránsito da pintura galega polas vangardas. Creador do Laboratorio de Formas que deu pé á emblemática Sargadelos, Seoane viviu a súa dobre nacionalidade como unha forma de conciencia e ese é, precisamente, o eixe das xornadas que estes días se celebran no Consello da Cultura Galega e que mañá se clausura na Coruña –na fundación que leva o nome do pintor– coa inauguración da mostra *Luís Seoane: a configuración do posible*. A exposición, que trata de facer unha relectura

Luís Seoane desde fóra

da súa obra a partir dos fondos propios da fundación, articúlase sobre sete eixes temáticos: as paisaxes e as realidades elementais, as fantasías e mundos míticos, o bestiario, a relación do pintor coa literatura, os trazos e figuras, a guerra e o exilio, e os autorretratos que fixo ó longo da súa vida. A fundación, que realizará ademais un documental, rescatou unha ampla colección de fotografías para a mostra, que estará na sede ata mediados de xullo e concluirá coa edición dun catálogo baixo o nome *Dicionario de Luís Seoane*. Revista das Letras súmase ás homenaxes do centenario con este monográfico que recolle unha selección das opinións e descricións realizadas sobre Seoane por persoas como José Hierro, Lorenzo Varela, Xosé Manuel Beiras, Arturo Cuadrado ou Rafael Dieste.



Autorretrato de Luís Seoane no ano 1974

"Ese tan grande que vedes alí, que de costas podería ser o capitán, pero de fronte e visto o rostro, máis parece o grumete, comezou gravando lúas e flores no mástil cunha navalla, e logo ondas rizadas e tritóns e todos os ensoños e cifras do zodíaco. Se lle rexistrades os petos atoparedes caracolas mariñas e unha pomba de mármore que podería voar. A súa verdade é de fantasía. A súa fantasía é verdadeira. O cal é propio de quen fantaseou en litorais ou montañas de Galicia, onde non hai ornamento inerte, senón verdade que xoga e se engalana. Quen saiba de poesía lírica pintada ou debuxada, sabe xa cal dos nosos artistas alude esta adiviñanza do capitán grumete. É Luís Seoane. Por el faise visible o arco celeste tendido entre os nosos pintores máis veraces e as garridas chairas dos nosos cancioneiros".
Rafel Dieste

"Nótase na pintura de Seoane unha inmensa e conmovedora caridade, un gran humor último, de sinxeleza popular... Da cor en agraz, verdes de mazá en inverno, aos grises comestos, aos pratas celestes, hai nos cadros de Seoane unha escala de brancos tenues que lle dán á súa pintura unha calidade estraña e única: é como se dentro dela, cálida nos graneiros, houbese unha bandada de pombas durmindo. Durmindo entre as panas arrugadas, entre as cabeleiras vexetais e húmidas, entre os liques fríos e verdes e vellos das rosas violetas, entre o corazón da mesa de piñeiro garlopado da taberna, entre as mantas cubertas de lúa e de orballo dos guerrilleiros. Pombas durmindo..."
Lorenzo Varela

"Se quixeramos fundamentar unha paixón habería que demerxerse no máis profundo misterio da creación... No caso de Luís seoane –ou sexa o meu máis amado caso– cúmprese ao exceso esa misión do artista, como creador e como home. Un dos seus actos máis luminosos é que sendo el excepcionalmente só, sen parecerse a ningún outro, é o artista que ten máis unidade cos que o precederon. (...) Na pintura de Luís Seoane xorde como unha ameza a súa formidable impaciencia rica en experiencias ancestrais. O seu mundo non nace dun capricho nin da frivolidade de inventar. O seu mundo, a súa cor ou a súa forma, é produto dunha necesidade... O seu entusiasmo vigoroso dános coñecemento do que antes non existía, do que non era visible. Así Luís Seoane é portador dunha mensaxe para o noso tempo. (...) Cada debuxo, sen relación e unidos inquebrantablemente entre si, como amándose os uns aos outros, son a imaxe da detención do tempo... O artista que nos agasalla estas lonxanas realidades e vivas esperanzas é como unha raíz, ou como un vento que nos sostén e colabora na nosa propia existencia".
Arturo Cuadrado

"O interesante de Seoane é que exerce de galego, pero ao mesmo tempo, tamén de arxentino. Con toda a súa actividade política, cultural e social como galego está a artellar unha serie de connivencias e de actitudes coa intelectualidade arxentina do momento e pon en marcha proxectos de cultura alí. [Revistas como 'De mar a mar', 'Correo literario' ou 'Cabalgata', son resultados deste tipo de colaboracións] traspasan o tema galego e están pendentes de problemas tanto culturais como políticos de Latinoamérica e do mundo en xeral. (...) Traspasou os límites do cadro. Decatouse de que o artista tiña que saír do taller e que debe ter un compromiso cos problemas da súa época e facer por os resolver. E isto é o que fai a Seoane moderno". [Esa vertente social da arte vese na súa concepción da creación artística como un elemento necesario para configurar as formas da industria, unha idea que procurou aplicar con especial empeño ao seu país natal]. Concibe que debe axudar á configuración de obxectos industriais e por iso monta con Díaz Pardo o Laboratorio de Formas. A idea era facer un centro de estudos onde se deseñasen as





Arriba, 'O proceso de Burgos' (1971) e 'Moitedume' (1969). Abaixo, 'Mar de Orzan' (1973) e 'Retablo' (1973-77), xunto a 'Secadeiros de polbo' (1965) e 'Muller violeta sobre fondo ocre' (1959)







da nova Galicia que se tentaba crear”
Xosé Díaz

“Colorista excepcional, Luís Seoane traballaba os planos de cor ao xeito dun gravador, utilizando trazos en negro para *separar* as cores ou realizar os contornos. Nas súas figuras, o seu tema preferido, as liñas rectas e curvas conxúganse na composición, reflectindo sempre a dozura das súas modelos femininas”.
Ignacio Gutiérrez Zalzívar

Desde 1954 Seoane reintegra os temas campesiños. O seu amigo Maside preveno contra o formalismo da abstracción moderna, que ameaza a expresión das raíces. Pero a sorte está botada: en diante, e sen renunciar ás figuras de mariscadoras, de emigrantes, de campesiños en rebelión, o pintor avanza cara a unha depuración plástica crecente, co uso cada vez máis franco, máis puro dos recursos plásticos, explotando o desaxuste entre liña e plano de cor: con matizados ocres e azuis ou con verdes e laranxas furiosos...”
Guillermo Solana

“Eu quixera dicirlle moitas cousas... Eu quixera dicirlle canto admiro, comprendo e agradezo a súa diversa, monumental e incrible obra. Vostede é dunha intensa, colcánica vitalidade interior. Iso é o que trascende da súa obra. E ademais detesta, coma min, a oratoria *musical* e baleira. (...) Á poesía que en vostede é unha actitude inclasificable, xa que que ela abrangue, subordina, felizmente, non só os seus versos senón tamén a prosa (teatral, narrativa, xornalística-radial), o debuxo a pintura etce *As cicatrices* non é para min un imprevisto, aínda que si un novo e moi valioso chanzo que confirma a vostede unha vez máis como positivo e outro valor entre os poetas galegos contemporáneos”.
Xosé Neira Vilas

“Este home macio e brando, novo e maduro, porteño e galego, tenro e irónico, listo para a protesta e para a indulxencia, tan sabedor de cousas variadas –que explica con pasmosa e ás veces vertixinosa, incansable rapidez verbal–, é o meu amigo Luís Seoane, pintor, gravador, debuxante, decorador, poeta, comediógrafo, ensaísta, avogado, político, un ser denso de humanidade. De tal suma de contradicións debería resultar un desequilibrio: nada diso; concrétase ela nunha harmonía que fai pensar no exacto axuste da súa obra artística, a un tempo sólida e aérea. Atopámonos, pois, ante unha alma excepcionalmente rica. Tres amores esenciais o moven: a súa arte, a súa muller e o resto do mundo. Creo na amizade, por suposto, moi verdadeiramente”
Manuel Mújica Láinez

“Que Seoane é un espírito inquedo por natureza, e inquedo para ben, é algo que advertimos inmediatamente ao entrar en contacto coa súa obra. Que a pesar desa inquedanza ten un determinado repertorio de temas preferidos, que leva no corazón, nas raíces mesmas da súa carne... Se a isto engadimos a proteica capacidade de frecuentar con soltura calquera das técnicasa expresivas da plástica (as que non intenta é porque non quere), comprenderemos por que se destaca tamén na realización de murais, facendo triunfar o seu perpetuo soño nostálxico no desafío da parede que o agarda”.
Guillermo Whitelow

“Sucede con Seoane, como con todo pintor de verdade, que o tema non molesta a concepción plástica da obra: sen deixar de ser indispensable, préstalle apoio, ofrécelle unha forma que pode ser recoñecida. dese modo, o tema é, para el, tamén importante, porque a poesía, o



Arriba, Seoane debuxando no seu estudio de Bos Aires e o artista coa súa muller, Carmen. No centro, ao saír dun xantar de confraternidade de exiliados espallados por América en Bos Aires no 1956. Á dereita, Con Rafael Dieste. Abaixo, Seoane na súa casa de Bos Aires coas 18 xarras de personaxes medievais feitas en porcelana para cerámica de Sargadelos e, ao carón, o pintor cunha das súas pezas emblemáticas.

YPF



Coordinación: A. R. López e M. Dopico. Deseño: Signum. Na foto de portada, 'HIGGS à la recherche de l'anti-Motti' (2005), fotograma dun vídeo de Gianni Motti

misterio, a maxia e a verdade que hai na súa obra, relaciónase coas cousas reais. Valla o paradoxo e digamos que Luís Seoane é un mago cos pés na terra; cos pés afirmados nesta terra arxentina que o viu nacer e na terra galega dos seus maiores, á que periodicamente –fatalmente volve–, ten necesidade de volver".
Tomás Alva Negri

"Talvez o aspecto no que intelectual e artista Luís Seoane acada o máis alto nivel como interpretador da realidade de Galicia dun modo transcendente e universal, é o creador e teórico das artes plásticas e visuais... Home rigoroso, reflexivo, analítico, soubo equilibrar o impulso da paixón ao freo da análise, para reflexionar sobre a problemátcia intrínseca da arte. En canto ás súas relacións coa arte galega, podemos dicir que é, exceptuando o presente conceptual e moral de Castelao (o seu *mestre* en actitude ante a arte e ante Galicia), o primeiro que perfila un *corpus* teórico sobre a posible existencia dunha arte galega e as liñas ou características xerais que a definen... Para Seoane, é nas relacións entre cores e formas, na expresividade do artista, onde é herdeiro do que hai de indefinible e diferente no seu país".
Xavier Seoane

"O que me sorprende é que a súa maneira de concibir e realizar ten moito en común con ese xénero menor que chamamos ilustración. E, porén, nada menos ilustrativo, no sentido de superficial, que esta pintura súa. Estes amarelos solares, eses vermellos de lume, eses azuis e verdes que acaban de seren descubertos, preséntanse ante o espectador como algo máis que puro decorativismo. Sería moi fácil –e tamén moi falso– falar do simbolismo destas cores. Porén, é posible aventurar que estas ordenacións de tintas planas, a súa ordenación e *cantidade* relativa no lenzo actúan sobre quen as contempla á maneira dunha ecuación, unha abstración que expresa vivencias que non son pura matemática e que, desde logo desbordan o meramente ornamental. Logo, os trazos negros, os grafismos desaparecen, póñennos sobre a pegada, aluden á parcela da realidade que motivou a emoción inicial do artista, actúan como indicios".
José Hierro

"Luís Seoane maduro e curtido, reitera aquilo da xuventude sen idade. a súa pintura componse de manchas taladradas por grafismos. (...) O artista pintou as manchas para traducir sensacións. (...) As cores están perfectamente xustapostas e trabadas, as manchas cobran musculatura, os trazos e grafismos son liñas mestras e á vez nervios".
Manuel Vicent

"O complexo O Castro-Sargadelos é o resultado dun insólito proceso de creación colectiva inspirado, propulsado e catalizado por Isaac Díaz Pardo e Luis Seoane. Encetouno Isaac xa hai máis de meio século. Hoxe constitúe un Patrimonio cultural da Galiza enteira. Cómpre que o poder político do goberno galego así o declare institucionalmente, mediante o procedemento que formalmente sexa necesario e acaído, para preservalo e garantir a súa continuidade e supervivencia a cuberto de calquera eventualidade e calquera peripecia empresarial que o poña en perigo de desnaturalización, destrago ou desaparición. En canto ben de interese cultural para o pobo galego, é patrimonio da cidadanía, e á cidadanía incúmbelle reclamar do poder democrático que actúe e interveña para defendelo e mantelo ao dispor da cultura do común de nós, da nosa nación".
Xosé Manuel Beiras